

Achados dous poemas inéditos de Celso Emilio Ferreiro

«O mozo» e «O atraco» constatan a vixencia da mensaxe do escritor

XESÚS FRAGA
REDACCIÓN / LA VOZ

O 2012 será un ano destacado para os moitos lectores de Celso Emilio Ferreiro (1912-1979): a celebración do seu centenario e do cincuentenario da aparición de *Longa noite de pedra* conforman un marco de actividades conmemorativas que deberían traducirse no mellor coñecemento dun dos poetas galegos máis populares, pero do que aínda quedan facianas por descubrir. Así o pon de manifesto o crítico Ramón Nicolás, especialista na obra de Celso Emilio, nunha ampla análise que publica mañá o suplemento *Culturas* de La Voz, e que sinala algunhas «necesidades perentorias»: «A catalogación definitiva dos fondos existentes nos arquivos familiares» e «teimar na divulgación da súa obra entre nós e abrir outras vías para proxectar a súa obra internacionalmente».

Que a obra de Celso Emilio segue a dar sorpresas exemplifícase co achado de inéditos, como os que publica hoxe este xornal, *Mozo* e *O atraco*. O primeiro é totalmente inédito e está na liña de *Prá mocidade* (en *Viaxe ao país dos ananos*) e *O revolucionario* (en *Cimiterio privado*). Ramón Nicolás dátoa a comezos da década dos setenta. «En *O mozo* hai un ton impetuoso, unha sorte de guía de actuación do que un mozo con-



No 2012 celébrase o centenario de Celso Emilio. FOTOBIOGRAFÍA (XERAIS)

cienciado debería facer, impregnado de motivos da política internacional do momento; pero a ese mozo pídelo que non confunde, semántica e significativamente 'pobo' con 'masa', e a

recriminación ten moitas lecturas», explica o crítico. «É probable que esta fose a primeira versión que logo reelaboraría, pero lido cos ollos de hoxe goza, nunha parte non desdefiable

e facendo abstracción da época histórica na que o escribiu, dunha actualidade sorprendente», engade.

En canto a *O atraco*, apareceu na revista *Correo de Galicia*, en Bos Aires en 1969, pero non foi incluído na edición de hai uns anos da *Obra poética galega*, xa que Nicolás coñeceu despois de editar o libro. O especialista enmarcao nas experiencias xurdidas «ao abeiro da súa expulsión da Hermandad Gallega de Caracas e céntrase na imposición dese pensamento único nunha inequívoca clave de denuncia».

Cheos de actualidade

Resulta imposible non relacionar ambos os dous poemas inéditos con feitos tan actuais como o movemento dos indignados. De igual modo, *Longa noite de pedra*, malia chegar aos cincuenta anos, é un libro «cheo de actualidade», segundo Nicolás, ademais de ocupar un lugar «fundamental na poesía galega de todos os tempos». «Proporcionoulle celebridade, musicáronse dúcias de poemas do libro, reeditouse innumerables ocasións, abriulle o camiño aos lectores peninsulares mais tamén foi, indirectamente, responsable dunha lectura unívoca da súa obra e agocha outras facetas creativas, coído que moi relevantes nel, como a narrativa», conclúe.

POEMA INÉDITO

O atraco

Maus arriba e boca abaixo o pobo.
Vimos a instalar o silencio, cero preguntas, cero movementos
Porque esto é un atraco, estades vendo as pistolas alegres i os índices propensos capaces de asumir mortos a centos.

Pun, pun, ao que se mova, pun, pun ao que reclame dereitos, sexa home ou muller, pun, pun, todos interfectos. Non hai cousa mellor pra impoñer a ley do retroceso, o orde equidistante, a paz do cimiterio, a misa do domingo, o salario do medo i o culto aos xerárquicos estamentos.

Maus arriba e boca abaixo o pobo.
Non perdamos mais tempo. Porémolle control as volveretas e ao vento, os coitos e as preces, a luz i o alimento. Con tricornios de neve e vergallos domésticos degolaremos as gorxas oblicuas do pensamento, e a rosa azul dos seños, inxertaremos. Serán para sempre nosos os vosos esqueletos.

Os ollos pra chorar tan só vos deixaremos.

Publicado en *Correo de Galicia*. Maio 1969, ano IV N.º 85.

Luz do canto contra a sombra

O ferreiro, símbolo clásico do demiurgo, era un ser capaz de forxar o cosmos todo porque conxugaba forza e poder. Figura temible, esta, sen chegar a deus, podía arremeter contra a divindade ou contra os individuos, asegún. Na nosa tradición foi oficio moi respectado, fornecedor das ferramentas de labranza, tiradentes e destrutor implacable nos seus arrautos de ira. Celso Emilio, O Celso, como lle chamaban os amigos certos, foi ferreiro completo: «Amou os homes, e a forza asomballante do seu desexo levouno a querer transformar a historia, a asaltar o Pazo dos Ceos, a loitar para cambiar de base o mundo: desde Celanova, desde Galicia». Así o definiu X. L. Méndez Ferrín, con quen o poeta compartiu camaradaxe, país, dialecto e as intimididades que só os amigos verdadeiros saben gardar.

Eu trateino a partir do seu regreso de Venezuela, 1973. Lérao antes, despois de asistir a unha actuación musical dos seus poemas no cine parroquial de Santiago de Vigo, 1969. Funo ver logo a Madrid e recibíume cos brazos abertos. Lem-

bro que me levou ao seu apartamento, en Atocha, tiña a máquina de escribir pousada nunhas caixas de madeira, unha soa cadeira e o colchón no piso, sen somier. Mais nada. O que pasaba é que a Ferreiro Míguez tiñano marcado. Daquela, os cainitas bichicomos arremetían contra el pola mínima. Pero calquera que se achegase a fondo á súa obra, «falareivos de min anque me doan/as escuras raíces dos meus soños», descubría nel moitas e diversas voces engaiolantes, auténticas: a tenrura, a infancia perdida, a emoción, a terra nai, a carraxe, o desengano, a sátira (Aristides Silveira)... En todas brillaba o mestre liberador, a palabra intensa, valente.

Velaí, nas reviravoltas enguedelladas das efemérides, como certos revisores de hoxe intentan abordar a Celso Emilio Ferreiro, nunca atufado, sempre imprescindíble, coa mesma miseria dos cainitas de noutroa. Aproveitemos o 2012, en Celanova, Vigo, Madrid, Caracas, onde sexa, para difundir ao autor de *O sono sulgado*, para afondar en *Al aire de tu vuelo* e *Voz y voto*, para enmarcalo no seu tempo e circunstancia, non para a retesía hipócrita e manífa.

Mozo
Sai a súa,
vai ós sindicatos,
aviste ós mítines,
fornea as manifestacións,
insulta ás autoridades,
gaba a revolución cubana
dalla virras ó Che,
mais, por favor,
non lle chaves "masa"
ó que é pobo.

Libro de notas. Ramón Nicolás achou «O mozo» dun libro de notas mentres revisaba documentación para a biografía de Celso Emilio Ferreiro que publicará no 2012. Neste caderno o autor escribiu poemas, ideas e frases que logo empregaría na súa obra.